

PROGRAMACIÓN PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

IES AS BIZOCAS

CURSO 22-23

PT: Sara Abal Viqueira

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. FUNCÍONS DO MESTRE DE PT.....	4
3. ORGANIZACIÓN DA RESPOSTA EDUCATIVA.....	6
A) ALUMNADO CON NEAE.....	6
B) NECESIDADES.....	8
C) OBXECTIVOS.....	9
D) CONTIDOS.....	11
E) ACTIVIDADES.....	12
F) METODOLOXÍA.....	12
G) AVALIACIÓN.....	14
H) MODALIDADE DE APOIO.....	16
I) TEMPORALIZACIÓN.....	18
K) RECURSOS.....	22
4. CONCLUSIÓN.....	22

PROGRAMACIÓN PARA O ALUMNADO CON N.E.A.E.

1.INTRODUCCIÓN

Neste documento preséntanse aqueles aspectos relacionados coa **programación** que a mestra de **Pedagoxía Terapéutica** levará a cabo no **IES As Bizocas** (O Grove) durante este curso. Partindo da detección das necesidades dos alumnos-as recóllese a organización da resposta educativa para atender a ditas necesidades. Fíxanse os obxectivos, as actividades, as estratexias a seguir, a metodoloxía, a temporalización, a modalidade de apoio e os recursos.

Recóllense as actuacións a realizar co alumnado que precisa apoio e que estarán planificadas e coordinadas co resto de profesionais do centro, e rexeranse polos principios de **Normalización** e **inclusión** escolar e social, **Individualización** e **flexibilización** da ensinanza.

Tódolos contidos referidos á contextualización do centro, o seu organigrama, as súas características, os recursos e a atención ó alumnado con NEAE, recóllese nos documentos de centro, no **Proxecto Educativo**, na **Programación Xeral Anual** e na **Programación do Departamento de Orientación** na cal se inclúe este documento.

2.FUNCIÓNS DO MESTRE DE PT

A función primordial coma PT é dotar ao alumnado con NEAE de ferramentas para que a súa adaptación sexa o máis completa e efectiva posible tanto no medio escolar, coma no social, compensando as desigualdades, para que poidan acadar os

obxetivos xerais establecidos para cada un deles na súa etapa educativa, unha vez identificadas e valoradas as súas necesidades

O **desenvolvemento das capacidades** cognitivas, motrices, comunicativas, emocionais e de inserción social do alumnado, constitúe o obxectivo fundamental de actuación. Segundo as características específicas do alumno/a que reciba o apoio, distinguiranse dous tipos de actuacións, tanto de carácter pedagóxico, curricular e organizativo, como relativas á utilización dos recursos específicos.

O campo de actuación do mestre de PT, queda enmarcado dentro dun modelo de **colaboración conxunta** cos outros profesionais da educación (titores, especialistas, orientadora...) e coas familias, contextualizado dentro dos espazos naturais de desenvolvemento do alumno/a, co fin de proporcionarlle o reforzo pedagóxico necesario para a consecución con éxito dos obxectivos propostos. Terase en conta que o intercambio de información e o establecemento de pautas de actuación sexan conxuntas e o máis coordinadas posible.

As estratexias baséanse na colaboración, de xeito que toda a comunidade escolar e os diferentes servizos educativos e profesionais que participen na atención do alumnado se sintan implicados, tendo presente o papel primordial da figura dos titores en toda a actividade educativa do grupo como axente principal da mesma. Este traballo colaborativo desenvolverase a través de diversas xuntanzas que favorezan o **intercambio fluído de información e propostas**.

Ao comezo de curso levarase a cabo unha **avaliación inicial** do alumnado, que xunto coa **avaliación psicopedagóxica** daqueles alumnos/as que o precisen, determinará que aspectos se traballarán. Todo isto co fin de proporcionar unha **resposta** o máis **axustada** posible **ás** súas **necesidades**.

Ista resposta educativa deberá ser o máis normalizadas posible, axeitándose en todo momento ó ritmo de aprendizaxe e ás necesidades detectadas do alumnado e en función das súas capacidades, intereses e motivacións.

Tendo en conta o anteriormente exposto, escollerase a **modalidade de apoio** que se considere máis beneficiosa para o alumnado. A intervención realizarase tanto na aula ordinaria como na aula de apoio, constituíndo un apoio directo ao alumno/a, sempre en coordinación co profesor/a de materia, pretendendo así apartar o menos posible ao neno/a do currículo ordinario.

A **mestra de PT** deberá realizar, entre outras, as seguintes **tarefas**, tal e como se expón no **D.120/1998 do 23 de abril**, no que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a **Orde do 24 de xullo de 1998**, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional:

- Colaborar na **identificación e avaliación** das necesidades.

- Atender directamente ao alumnado con NEAE en forma de **reforzo pedagóxico** ou no modo que se determine (realizando programas de prevención das dificultades de aprendizaxe, de modificación de conduta... en colaboración co DO ou o resto do profesorado), tendo en conta as súas características e necesidades.

- Asesorar e colaborar, como membro do departamento de Orientación, aos titores e ó equipo docente, na realización das Adaptacións Curriculares para os alumnos- as con NEAE que o requiran.

- Elaborar e asesorar no material didáctico que se precise.

- Colaborar cos titores na orientación aos pais e nais para unha maior participación das familias no proceso educativo dos seus fillos-as.

- Participar na **Comisión de Coordinación Pedagóxica**.

- Aquelas funcións que se nos asignen como apoio ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A maiores, a recente Orde do 8 de setembro de 2021 pola cal se desenvolve o **Decreto 229/2011** engade outras funcións que xa eran propias da mestra de PT, entre elas destacamos:

- Elaborar os programas de intervención individualizados para o alumnado con NEAE.
- Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno a quen prestase apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluírá no seu expediente. No anexo V, a modo orientativo, figura un modelo dese informe.

3. ORGANIZACIÓN DA RESPONSA EDUCATIVA

A) **ALUMNADO CON NEAE:**

En primeiro lugar comezaremos por definir que se entende por alumnos con NEAE, tendo en conta as definicións do **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

No seu artigo 71, enténdese por **Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo ACNEAE** “o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar **necesidades educativas especiais**, por **dificultades específicas de aprendizaxe**, **trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH)**, polas súas **altas capacidades intelectuais**, por haberse incorporado **tarde ao sistema educativo** ou por **condicións persoais ou de historia escolar**”

Para a definición de **alumnos con NEE**, debemos ter en conta a **LOE** (Título II, Capítulo 1, artigo 73), onde se considera que serán “aqueles que requiren **por un período da súa escolarización, ou ó longo de toda ela**, determinados **apoios e atencións educativas específicas** derivadas de **discapacidade** ou **trastornos graves de conduta**.”

O **alumnado que, precisa apoio** da mestra de pedagogía terapéutica actualmente son 21 alumnos-as, sendo previsible que se incorporen máis casos que precisen atención.

1º E.S.O.

- * **11** alumnos/as con **NEAE** asociadas a **dificultades de aprendizaxe** que se atopan exentos da 2º lingua estranxeira. Hai que sinalar que un destes alumnos presenta una discapacidade intelectual, con afectación a nivel motórico e cognitivo e que ten unha adaptación curricular en case todas as materias. Ademais dun alumno con diagnóstico de TDAH e problemas de conduta, outro alumno con dificultades de visión (retina albina) e un alumno con posible sospeita de TEA.

2º E.S.O.

- * **10** alumnos/as con **NEAE** asociadas a **dificultades de aprendizaxe** que se atopan exentos da 2ª lingua estranxeira. Destacando que un destes alumnos ten TDAH con posible revisión de diagnóstico (TEA) e precisa unha adaptación curricular. Un alumno ten un diagnóstico de TDAH.

A organización da resposta educativa comeza coa detección de necesidades de cada alumno-a a través da avaliación inicial e nos casos que sexa preciso da avaliación psicopedagóxica.

En todo momento haberá **coordinación** entre os profesionais que van atender ó alumnado, cun intercambio de información e o establecemento de **pautas de actuación** conxuntas.

A función da mestra de P.T. é **reforzar** dentro da aula a **programación ordinaria** e, nas sesións levadas a cabo na aula de apoio, **traballar** individualmente co alumnado uns **obxectivos específicos**, buscando satisfacer unha serie de necesidades que presentan segundo as pautas establecidas no seu informe psicopedagóxico.

Entre as necesidades detectadas no alumnado anteriormente descrito destacamos:

B) NECESIDADES:

Establécense as seguintes **necesidades** a traballar:

- * Necesitan que se desenvolvan (dentro das súas posibilidades) os **procesos cognitivos básicos** (memoria, atención e concentración).
- * Necesitan descubrir a **funcionalidade das aprendizaxes** escolares e **xeneralización** das mesmas.
- * Necesitan adquirir as **destrezas básicas** para mellorar a seu nivel de competencia curricular.
- * Necesitan dunha **organización do seu traballo** diario, tanto no centro coma na casa.

- * Necesitan traballar a **linguaxe non verbal**: xestos, expresión corporal, o contacto ocular...
- * Necesitan adquirir e desenvolver **habilidades sociais** e respectar as **normas** establecidas.
- * Necesitan aceptar ós seus compañeiros e busca-la **interacción** con eles.
- * Necesitan que se respecte o seu **rítmo de aprendizaxe**.
- * Necesitan que dende o ámbito familiar fomenten a súa **independencia**, seguindo unhas mesmas pautas.
- * Tendo en conta as necesidades do alumnado, establécense os seguintes obxectivos xerais:

C) OBXECTIVOS:

Con respecto ao alumnado:

- * Facilitar ao alumnado o **acceso ao currículo**.
- * Establecer as **medidas organizativas e recursos** persoais e materiais do centro que faciliten a atención á diversidade.
- * Garantir a **integración** social e escolar.
- * Fomentar o desenvolvemento das **aprendizaxes básicas instrumentais**.
- * Establecer **criterios de avaliación axeitados ás necesidades** do alumnado.
- * Fomentar **actitudes participativas**.
- * Contribuir ao **desenvolvemento emocional** do alumnado.

*Desenvolver **habilidades sociais** propias da idade do alumnado.

* Mellorar o **autoconcepto e a autoestima** do alumnado.

* Favorecer o bo **clima** social da **aula**.

* Desenvolver as **aprendizaxes básicas funcionais** que lles permitan vivir nunha situación o máis normalizada e autónoma posible.

* Establecer técnicas específicas para a **adquisición da linguaxe oral, escrita, razoamento e cálculo**.

* Fomentar o hábito e o gusto pola **lectura**.

* Mellorar as **competencias lectoras**: comprensión, velocidade e fluidez.

* Acadar un nivel axeitado de **comprensión e expresión oral** para comunicarse e para facilitar a aprendizaxe nas distintas materias.

* Priorizar as **aprendizaxes matemáticas funcionais**: dominio do número, operacións básicas, resolución de problemas....

* Traballar os **prerrequisitos** básicos para a aprendizaxe (atención, percepción, memoria...).

Con respecto ao profesorado:

-Establecer de xeito coordinado cos profesores e profesoras estratexias organizativas que sirvan para responder ás necesidades educativas de todo o alumnado.

-Coordinarse cos profesores/as que interveñen directamente co alumnado, establecendo as canles necesarias (horario de coordinación, periodicidade).

-Colaborar cos titores e titoras no establecemento da metodoloxía e avaliación a seguir co alumnado.

-Colaborar cos titores e titoras cando sexa preciso na planificación das reunións coas familias.

-Colaborar co profesorado, cando sexa posible, dentro da aula co grupo clase.

Con respecto ás familias:

* Potenciar a **colaboración das familias** no proceso educativo dos seus fillos/as.

* Garantir un **coñecemento real e positivo das posibilidades e limitacións** dos seus fillos/as.

* **Fomentar** a súa **relación, participación e contacto** cos distintos membros da

comunidade educativa.

D) CONTIDOS

Estimaranse prioritarios os contidos de carácter procedimental relacionados coas materias instrumentais que resulten máis funcionais en canto ao desenvolvemento do alumnado no seu contexto de vida cotiá.

Consideraranse contidos prioritarios os seguintes:

- Habilidades sociais
- Hábitos de traballo e estudo
- Hábitos de coidado do material
- Mellora da capacidade de atención e concentración

- Actividades de superación ante as dificultades
- Aceptación da diversidade
- Actitudes favorables ante a igualdade de sexos
- Actitudes solidarias ante situacións que afectan negativamente a outras persoas.

E) ACTIVIDADES:

Na elaboración das **actividades** teremos en conta que:

- * Sexan **motivadoras, variadas e dinámicas**.
- * **Estimulen a participación, solidariedade e non discriminación**.
- * **Promovan a actividade mental do alumnado**.
- * **Integren contidos de distinto tipo**.
- * **Presenten grados de dificultade axustados e progresivos**.
- * **Admitan niveis diferentes de intervención**.
- * **Poidan resolverse empregando distintos enfoques**.
- * **Admitan a interacción do alumnado**.

- * **Permitan a xeneralización das aprendizaxes**.

F) METODOLOXÍA:

A **metodoloxía** basearase nos seguintes **principios de intervención**:

Individualización, onde o alumno-a debe ser considerado coma protagonista da súa propia aprendizaxe, sendo axudado e orientado polo profesorado.

Redundancia- tratar de facer chegar a información aos alumnos-as a través de tódalas canles sensoriais posibles.

Estructuración- mediante o que se recomenda a ensinanza de habilidades a partir do fraccionamento das mesmas en pequenos pasos, graduados, secuenciados que permitan acadar os obxectivos propostos.

Transferencia- Para axudar a xeneralizar aprendizaxes, proporcionaranse experiencias en contextos normalizados que contribúan a empregar ditos coñecementos en situacións similares.

Motivación- Intentando seleccionar actividades motivadoras para o alumnado. Este alumnado presenta falta de hábito de traballo polo que estableceremos tarefas breves, sinxelas e atractivas aumentando tanto a dificultade como o tempo de traballo pouco a pouco.

Partirase do nivel de competencia curricular e de desenvolvemento do alumnado, traballando dentro da súa zona de desenvolvemento próximo.

Promoverase a actividade mental do alumnado tendo en conta o seu potencial de aprendizaxe e outorgándolle na medida do posible autonomía á hora de traballar, de forma que o alumnado sexa un suxeito activo.

Favorecerase no alumnado a curiosidade e o interese por aprender, tratando de que as aprendizaxes sexan motivadoras.

Fomentaranse as aprendizaxes significativas. Garantirase a funcionalidade das aprendizaxes. Organizaranse os contidos mediante un enfoque globalizador.

Potenciarase a interacción e a integración entre o alumnado. Fomentaranse unha autoestima e un autoconcepto positivos.

Estableceranse pautas de comportamento claras e concisas.

Evitaranse condutas sobreprotectoras para garantir no alumnado unha vida autónoma e independente no seu contorno máis próximo.

Naqueles casos en que sexa posible, levarase a cabo o traballo dos principais contidos da etapa de diversas materias mediante o desenvolvemento dun proxecto de interese para o alumnado, no cal se vaia avanzando mediante a aplicación do método científico para a resolución de problemas.

G) AVALIACIÓN:

En canto á **avaliación**, constará de tres momentos: **inicial, continua e final**, constituíndo un **proceso continuado**, nin puntual nin illado, onde se achegará unha información valiosa.

A **avaliación inicial** axudará a coñecer o punto de partida do alumnado: capacidades adquiridas, dificultades que presentan, estilo cognitivo, etc. O obxectivo é ofrecer a resposta educativa máis axustada ás súas necesidades. Para elaborar esta programación realizouse unha avaliación inicial nas primeiras semanas do curso.

Coa **avaliación formativa** e continua comprobarase a evolución do alumnado, a detección de novas necesidades grupais ou individuais, así como a efectividade do programa en relación cos obxectivos establecidos.

A **avaliación final** informará do grao de adquisición dos obxectivos previstos así como a detección de dificultades no mesmo de cara ó vindeiro curso.

Este proceso de avaliación debe abarcar ao **alumnado e ao profesorado**, xa que a práctica educativa engloba a ambos, e achega datos que poden servir para modificar aqueles aspectos deficitarios ou enriquecer con outros nos que se abriron novas vías de actuación (**Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo a avaliación como continua, formativa e integradora, e a **Orde do 31 de outubro de 1996**: avaliación psicopedagóxica).

Serán **obxecto de avaliación**:

* O **grao de consecución dos obxectivos**.

* A **pertinencia das actividades** e estratexias propostas e deseñadas.

* As modificacións realizadas durante o proceso no desenvolvemento do plan e a súa efectividade.

* A análise das actas de **reunións do departamento de orientación**.

* A análise dos **programas realizados e materiais** elaborados.

* A análise dos **informes** realizados.

* Os debates para recoller a **opinión de profesorado e alumnado** sobre a actuación dos membros do departamento.

* A **memoria final**.

Para levar a cabo o proceso avaliativo rexerémonos polos **criterios de avaliación** e a súa concreción nos **estándares de aprendizaxe avaliáveis**, establecidos para a etapa con carácter xeral para todo o alumnado no **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

Tendo en conta o Decreto 86/2015, do 25 de xuño (Título I, Capítulo IV, Artigo 21.7), para facilitarlle ós alumnos e ás alumnas a **recuperación das materias** con avaliación negativa, organizaranse **probos extraordinarios e programas individualizados**

Realizarase un informe de **seguimento trimestral das ACS** que será entregado ao profesor ou profesora de materia antes da xuntanza de avaliación co obxectivo de valorar os apoios e axustar mellor as adaptacións nos casos que sexa necesario. Así mesmo, cada alumno/a contará cun **informe final** que reflicta os obxectivos traballados e acadados, sendo punto de referencia para o curso seguinte.

O **seguimento** realízase a través de **reunións periódicas** cos titores, profesorado de materia e outros profesionais que participen na súa aprendizaxe, así como coa participación nas **sesións de avaliación** dos grupos nos cales existan

necesidades educativas especiais, **reunións coas familias** e titores legais e **revisión constante** dos problemas máis frecuentes e posibles erros.

Toda esta información será posta á disposición do profesorado pertinente para a elaboración do “**Consello Orientador**” (Título I, Capítulo IV, Artigo 23.7), que será elaborado ó final de cada curso de Educación Secundaria Obrigatoria e será entregado ó pai, á nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna.

H) MODALIDADE DE APOIO:

A **modalidade de apoio** realizarase tanto **dentro da aula de apoio como en aula ordinaria**. Os **apoios** serán **flexibles** para poder cambialos e modificalos segundo aparezan ou desaparezan as necesidades.

- **Na aula de apoio:** permitirá promover a realización de aprendizaxes máis específicas que requiran dun tratamento individualizado co alumnado, ademais do emprego de recursos que non están presentes na aula ordinaria. A atención do ACNEAE seguirá a programación das adaptacións realizadas pola profesora de apoio en colaboración co profesorado de Lengua Castellana, Língua Galega e Matemáticas, co material adaptado ás súas necesidades.

Tódolos alumnos-as que acuden á aula de apoio caracterízanse por presentar necesidades específicas de apoio educativo en áreas básicas das línguas e as matemáticas, debido a que o seu nivel de competencia curricular está por debaixo do seu grupo de referencia. Por iso necesitan unha atención máis específica e individualizada que a que se lle pode proporcionar na súa aula ordinaria. Os alumnos-as sairán das súas aulas de referencia para recibir apoio en pequeno grupo

o individualmente, onde se reforzarán as adaptacións curriculares e se traballarán aspectos dos seus programas específicos.

No que se refire aos **horarios**, tentarase seguir os da clase de referencia do alumnado que reciba o apoio para **favorecer a normalización e inclusión**.

Ubicación e organización da aula de apoio. A aula está situada no segundo andar, é unha aula pequena pero axeitada ás condicións e características do alumnado con NEAE do centro.

As mesas están agrupadas, separándose según as necesidades das actividades propostas e dos alumnos-as, buscando sempre a mellor disposición para cada tarefa e facilitando o traballo en pequeno grupo e a participación e a colaboración entre iguais.

Conta cunha biblioteca de aula e un ordenador con acceso a internet. O centro dispón de ascensor para os alumnos-as con problemas de mobilidade.

- **Na aula ordinaria:** trátase dunha **modalidade máis inclusiva** que a exposta anteriormente, posto que o alumnado segue dentro do seu grupo clase e benefíciase da atención do mestre de P.T. e do profesor/a da aula. O alumnado traballa os mesmos contidos que os seus compañeiros e en función das súas necesidades pode realizar as **mesmas tarefas ou** outras semellantes pero **adaptadas** ao seu nivel de competencia.

I) TEMPORALIZACIÓN:

Temporalizaremos a actuación da mestra de P.T. ao longo dun curso académico en tres momentos:

- **Primeiro trimestre:**

SETEMBRO

- Revisión de documentos e recompilación de información de diferentes fontes (profesorado, familia, informes...) detectando necesidades e colaborando nas avaliacións psicopedagóxicas que se determine dende o DO.
- Realización de avaliacións iniciais para detectar necesidades.Reconto do número de alumnos-as existentes con NEAE
- Valorar se os recursos son suficientes e adecuados para o traballo diario e responden ás necesidades.
- Organización dos espazos a utilizar cos alumnos con NEAE.
- Elaboración do horario de atención ao ACNEAE forma conxunta coa orientadora
- Organización e coordinación dos apoios.

OUTUBRO- NOVIEMBRE

- Coordinación de programacións da aula de integración.
- Deseño da intervención a través de distintas medidas de atención a diversidade (RE; ACS; Programas de Intervención).
- Observación de alumnos-as que os profesorado ou titores dispoñan para determinar si existen algunhas dificultades na súa aprendizaxe.
- Intervención cos alumnos-as valorados como ACNEAE
- Reunións cos titores e profesorado que teñan na súa aula alumnos-as con dificultades de aprendizaxe ou NEE.

DECEMBRO

- Seguimento e avaliación dos grupos de reforzo educativo.
- Seguimento e avaliación das ACS

- Reunión con cada titor que teña na súa aula ACNEAE
- En coordinación cos titores reunións coas familias dos alumnos-as con NEAE para determinar o grao de progreso e mellora.

- **Segundo trimestre:**

XANEIRO- FEBREIRO

- Diseñar materiais que favorezan o desenvolvemento do alumnado nas diferentes áreas e propoñer a adquisición de novos materiais.
- Coordinación co DO, titores, familia, axentes externos...
- Seguimento continuo da intervención co alumnado modificando ou mantendo obxectivos, estratexias, tempos, recursos...
- Avaliación continua das aprendizaxes adquiridas, participando nas sesións de avaliación.
- Participación nas reunións do DO, CCP e claustro.
- Estudar a reestruturación de horarios tendo en conta posibles aparicións de casos ou melloras de alumnos-as con NEAE.

MARZO

- Avaliación dos grupos de reforzo educativo
- Avaliación e seguimento de alumnos-as con ACS
- Reunión con cada titor que teña na súa aula ACNEAE
- En coordinación cos titores reunións coas familias dos alumnos-as con NEAE para determinar o grao de progreso e mellora.

- **Terceiro trimestre:**

ABRIL-MAIO

- o Seguimento dos grupos de reforzó educativo
- o Seguimento das ACS
- o Inicio da memoria das actividades da aula de apoio

XUÑO

- o Avaliación final do grao de consecución dos obxectivos previstos para o alumnado.
- o Colaboración na avaliación final e decisións de promoción ou permanencia.
- o Elaboración final de informes sobre os alumnos.
- o Valorar a adecuación das medidas desenvoltas.
- o Propoñer a continuidade ou a modificación de ditas medidas.
- o Recollida de aspectos organizativos e/ou curriculares na memoria final da aula de apoio, máis eficaces para mantelos de cara ao vindeiro curso.
- o Propostas de mellora.

J) RECURSOS:

Os **recursos** a empregar serán o máis **variados e estimulantes** posible para motivar ao alumnado e evitar caer na rutina. Preténdese a **participación activa** e procurarase o uso daqueles materiais que mellor **se adapten ás características e necesidades persoais** do alumnado. Se fose necesario, elaborárase ou tentarase conseguir o material específico que sexa requerido. Utilizamos escalas de observación, probas diagnósticas,

cuestionarios, material escolar variado, material de tipo informativo, bibliografía específica, lexislación, etc.

Entre os **recursos humanos** contamos con titores, profesorado especialista, departamento de orientación, equipo directivo, organismos, institucións, familias... etc.

*Entre os **recursos organizativos** estarían os documentos do centro, coma o **Proxecto Educativo** (dentro do cal se inclúen o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade, o Plan de Convivencia, o Proxecto Lector, etc).*

4. CONCLUSIÓN

A modo de conclusión é necesario destacar que esta programación pretende ser unha guía que oriente o traballo do mestre de P.T. ó longo do curso, non obstante, non se trata dun documento pechado, senón que se poderán introducir as modificacións e achegas que sexan pertinentes á hora de levar á práctica estas actividades durante o quefacer diario. Ditas modificación quedarán reflectidas na memoria final.

SARA ABAL VIQUEIRA
MESTRA ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA